

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución da obra nº 94 Plan de Obras e Servizos 2004 Lugo. Estrada provincial da estrada local LU-232 polo Burgo a Palas de Rei, alargamento e mellora do punto quilométrico 0 ao 1,600, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, catorce de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

Decreto 91/2005, do 14 de abril, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra número 402 Plan Operativo Local 2004 Abadín. Moncelos-O Carrizal. Alargamento e mellora. Explanación e afirmado punto quilométrico 0-0,30 (termo municipal de Abadín).

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión que tivo lugar o día vinte e dous de outubro de dous mil catro, aprobou o proxecto da obra nº 402 Plan Operativo Local 2004 Abadín. Moncelos-O Carrizal. Alargamento e mellora. Explanación e afirmado punto quilométrico 0-0,30 e, na sesión do vinte e sete de decembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e, solicitado informe á Dirección Xeral de Urbanismo da

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, este foi emitido favorablemente.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala a deputación, o proxecto consiste no alargamento e mellora da estrada provincial que une os núcleos de Moncelos e O Carrizal coa estrada autonómica, recolléndose tamén unha rectificación do actual trazado, reducindo as curvas existentes, e que, cunha axeitada sinalización, suporía unha mellora para a circulación e diminución do risco de accidentes.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución da obra nº 402 Plan Operativo Local 2004 Abadín. Moncelos-O Carrizal. Alargamento e mellora. Explanación e afirmado punto quilométrico 0-0,30, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, catorce de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil en centros de atención á primeira infancia non sostidos con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, e o Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, atribúelle á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado as competencias neste sector.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Esta orde adáptase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 20 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005. As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212A.470.0, recollida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005. Dado que este programa se estende na súa execución a parte do ano 2006, trátase dun gasto plurianual, polo que o importe destinado ás axudas ascenderá a 651.701 euros na anualidade de 2005 e 1.053.409 euros na anualidade de 2006, correspondente ao curso 2005/2006.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria e regulación do proceso de concesión de axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en centros de atención á primeira infancia non sostidos con fondos públicos mediante o programa do cheque infantil. Non obstante poderán eximirse do límite de idade os nenos con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do ditame do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación en cada Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º.-Tipo de axuda.

1. A axuda convocada consiste na provisión e cobertura total ou parcial do custo da praza adxudicada nun centro de atención á primeira infancia

non sostido con fondos públicos aos solicitantes con nenos/as entre 0 e 3 anos a cargo que desexen acollerse aos beneficios do programa cheque infantil.

2. Para os efectos desta axuda establécese o custo máximo da praza segundo o horario e servizos nas seguintes contías:

a) Praza ofertada durante un horario mínimo de 8 horas diarias: 120 €/mes.

b) Praza ofertada durante un mínimo de 8 horas diarias con servizo de comedor: 200 €/mes.

c) Praza ofertada en horario de tarde: 90 €/mes. Entendendo prazas con horario a partir das 15.00 horas un mínimo de catro horas.

No custo máximo da praza exclúese o prezo de transporte, actividades extraescolares, material escolar, matriculas e outros análogos, que deberán ser aboados, cando proceda, polo usuario.

3. O beneficiario participará, se é o caso, no pagamento da contía da praza segundo os prezos e tramos de renda fixados no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

A contía máxima subvencionable será a diferenza resultante entre o importe máximo por praza segundo a modalidade e a achega que, se é o caso, lle corresponda aboar ao beneficiario.

4. Como anexo I a esta orde especificanse as achegas que lles corresponde aboar aos beneficiarios así como a contía máxima mensual da axuda por praza segundo a renda per cápita e circunstancias familiares.

5. Para os efectos desta orde, considérase que os nenos/as de integración ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo incrementarase na contía correspondente ao custo dunha praza (120 €/mes para prazas con só asistencia, 200 €/mes para prazas con servizo de comedor e 90 €/mes para prazas en horario de tarde). A unidade familiar aboalle ao centro a achega que corresponda segundo o establecido no anexo I.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Co obxecto de darlles continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2004/2005, terán preferencia para a concesión das axudas previstas nesta orde as persoas con nenos/as de 0 a 3 anos a cargo que no curso 2004/2005 tive recoñecida esta axuda. En todo caso, deberán cumprir os requisitos establecidos nesta orde para ser beneficiario e solicitar a reserva da praza adxudicada no ano anterior.

2. Poderán ser beneficiarios do programa cheque infantil galego, as persoas con nenos/as de 0 a 3 anos a cargo:

a) Solicitantes de prazas, nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, en centros de atención á primeira infancia sostidos con fondos públicos

e que non resultaran adxudicatarios dunha delas por falta de prazas dispoñibles. Consideraranse solicitantes de oficio sempre que exercesen a opción polo programa cheque infantil na solicitude da praza. Neste caso, estes solicitantes en lista de espera non terán que presentar a solicitude da axuda regulada nesta orde.

b) Solicitantes residentes en localidades onde non existan centros de atención á primeira infancia sostidos con fondos públicos e desexen obter praza nas modalidades de asistencia e asistencia con comedor, nalgún centro partícipe do programa existente no concello de residencia, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais ou titores legais.

c) Solicitantes de prazas en horario de tarde.

3. Os beneficiarios só poderán recibir a axuda correspondente a unha das modalidades establecidas.

Artigo 4º.-Requisitos dos beneficiarios.

Os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter un neno/a a cargo nacido/a con posterioridade ao 31 de decembro de 2002. No caso de nenos/as de integración poderá eximirse do cumprimento deste requisito.

b) Ter cumpridos o neno/a a cargo 3 meses na data de ingreso.

c) Non obter praza nun centro de atención á primeira infancia sostido con fondos públicos.

d) Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 895 euros.

e) Que existan prazas correspondentes ao grupo de idade do neno/a nos centros partícipes do programa no concello de residencia do beneficiario, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais ou titores legais.

f) Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.

Artigo 5º.-Renda per cápita mensual.

1. Para efectos desta orde, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos cunha minusvalidez superior ao 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Para efectos desta orde, ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. Reserva de praza.

Aqueles beneficiarios que no curso 2004/2005 gozaran da axuda do programa cheque infantil e continúen interesados na praza adxudicada no ano anterior, ou se é o caso, outra do mesmo centro, deberán presentar a solicitude simplificada que figura como anexo II a esta orde.

A esta solicitude xuntarase a documentación a que se refiren os puntos 6.2º c) e 6.2º d), así como a demais documentación no caso de producirse cambios nas circunstancias familiares.

2. No caso dos interesados que se atopen no suposto do artigo 3.2º b), así como aqueles interesados que soliciten prazas en horario de tarde (artigo 3.2º c) as solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo oficial (anexo III) subscrita polos pais ou representantes legais dos nenos/as, na que se elixirá ata un máximo de cinco centros da lista de centros partícipes que figura como anexo VI a esta orde, detallándose por orde de preferencia. Xunto a solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada do libro de familia.

b) Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade do solicitante e, se é o caso, do representante legal.

c) Declaración xurada de non percibir axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outras administracións públicas ou, de ser o caso, relación das solicitadas.

d) Xustificación de ingresos: copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas da unidade familiar. En caso de declaracións individuais, copia da declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.

No caso de non ter obriga de presentar declaración:

1. Os solicitantes de devolución rápida (mod. 104) achegarán copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. As persoas non obrigadas a declarar e que non solicitan devolución rápida (mod. 104) achegarán certificación dos datos existentes na Administración, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A documentación xustificativa de ingresos a que se refiren os puntos anteriores corresponde ao ano fiscal 2003.

A presentación da documentación xustificativa de ingresos poderá ser substituída pola autorización que figura no anexo IV desta orde para que a Delegación Provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos á renda da unidade familiar.

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten os recursos da unidade familiar, é preciso un informe do asistente social do concello neste sentido. Así mesmo, é preciso o devandito informe naqueles casos que por distintas razóns non se poidan acreditar as rendas dos pais con escasos recursos.

e) No caso de nenos/as de integración deberán presentar ditame do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación en cada Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou do órgano correspondente na Administración do Estado ou nas respectivas comunidades autónomas, no que se motive a necesidade de integración, de ser o caso.

f) Certificado de minusvalidez, se é o caso, só cando non sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

-Cargas familiares.

-Invalidéz ou minusvalidez dos pais, titores e/ou outros membros da unidade familiar, só no caso de certificados que non sexan expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

-Enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas.

-Situación de desemprego dos pais ou titores.

-Outras situacións a ter en conta pola comisión de baremación.

3. No caso de que a documentación resulte incompleta ou defectuosa, a delegación correspondente requirirá do solicitante que, nun prazo de 10 días, achegue os documentos preceptivos ou emende os defectos observados, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerarase que desistiu da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

Artigo 7º.-Lugar e prazo das solicitudes.

1. As solicitudes coa documentación requirida presentaranse na Delegación Provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da provincia onde teña o seu domicilio o solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes de reserva de praza, así como para os posibles beneficiarios do artigo 3.2º b) e 3.2º c), será de corenta días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso dos posibles beneficiarios do artigo 3.2º a) non será precisa a presentación de solicitudes, considerándose de oficio como interesados desde o momento en que, formando parte das listas de espera definitivas en centros sostidos con fondos públicos, exercesen a opción polo programa cheque infantil.

3. Con carácter excepcional, poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido no punto 2 deste artigo cando se produza algunha das circunstancias que se indican a seguir:

a) Nacemento do neno/a con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

b) Cambio de concello de residencia da unidade familiar ou outras circunstancias que motivadamente aprecien as delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que a motiva. Así mesmo, estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles para o grupo de idade do neno/a e do orzamento suficiente para esta finalidade.

Artigo 8º.-Avaliación das solicitudes.

1. A avaliación das solicitudes e a correspondente proposta de resolución será efectuada pola comisión de avaliación de solicitudes, que se constituirá en cada delegación provincial.

2. A comisión de avaliación estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o xefe/a do Servizo de Familia, Infancia e Menores da delegación provincial.

-Vogais: tres funcionarios da respectiva delegación designados polo delegado provincial, un dos cales actuará como secretario.

Artigo 9º.-Criterios de valoración das solicitudes.

1. A comisión de avaliación, tendo en conta o orzamento asignado para este programa e a dispoñibilidade de prazas nos centros partícipes, propondrá a relación priorizada de beneficiarios segundo os seguintes criterios:

a) Terán prioridade os beneficiarios que no ano anterior gozaran desta axuda e á súa vez optaran por reservar a praza adxudicada no curso 2004/2005. Naqueles casos en que non fose posible adxudicarlles a mesma praza, adxudicaráselle ao beneficiario outra de similares características no mesmo centro ou noutro, o máis próximo posible ao da praza do curso 2004/2005.

b) O resto das peticións que reúnan os requisitos sinalados no artigo 4º seleccionaranse de acordo co baremo que figura como anexo V a esta orde.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo interesado, poráselle de manifesto para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que considere pertinentes, de acordo co disposto no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Na proposta de resolución figurarán por separado a relación de beneficiarios que reservan a praza adxudicada no ano anterior e os novos beneficiarios. Esta relación de beneficiarios deberá indicar a correspondente puntuación e a asignación do centro no que se lle adxudica unha das prazas do programa do cheque infantil, con especificación, se é o caso, da axuda e da achega que lle corresponda. Na relación de beneficiarios que reservan a praza non figurará a puntuación. No caso de que a demanda de axudas superase a oferta dispoñible, elaborárase unha lista de espera coa puntuación obtida en aplicación do baremo por cada unha delas.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A resolución das axudas, por proposta da comisión de avaliación, e despois da súa fiscalización pola Intervención territorial, correspóndelles, por delegación da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, aos delegados provinciais da consellería, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda desta orde.

2. Os delegados provinciais da consellería, á vista da proposta da comisión de avaliación, ditarán a resolución pertinente, na que se fixará a praza correspondente nun centro partícipe e os termos da axuda, especificando, se é o caso, a parte de pagamento correspondente ao beneficiario. O seu contido será lles notificado aos interesados, de acordo co establecido no artigo 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os beneficiarios do programa disporán dun prazo de 10 días a partir da notificación da resolución para confirmar a praza no centro asignado, doutro xeito consideraranse decaídos no seu dereito.

4. A solicitude das axudas deberá resolverse no prazo de tres meses desde o día seguinte á data da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

5. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de con-

formidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-Procedemento de materialización da axuda.

1. Os beneficiarios recibirán cheques infantís mensuais que lle entregarán ao centro partícipe xunto coa achega, se é o caso, nos dez primeiros días do mes das prestacións. O centro entregaralle ao beneficiario o correspondente xustificante de pagamento e factura polo total do servizo, con especificación da achega que lle corresponde aboar.

2. Os cheques serán efectivos a partir da data que se fixe na resolución de concesión da axuda, sempre que se acredite o inicio da prestación do servizo. En todo caso, o primeiro mes en que se realice a prestación, os beneficiarios non recibirán o cheque infantil que lle puidese corresponder, senón que este lle será aboado de oficio pola Administración ao centro partícipe.

O prazo máximo que se lle concede ao beneficiario para comezar a gozar do servizo é de quince días contados desde a data na que o cheque comeza a ser operativo, salvo prórroga excepcional proposta pola comisión de avaliación cando se acredite causa xustificada de demora.

3. Unha vez realizada a prestación do servizo, o centro enviaralle á delegación provincial correspondente unha relación certificada dos beneficiarios segundo os servizos prestados, xunto aos cheques infantís correspondentes.

Os centros partícipes, antes de que se proceda á tramitación da fase de proposta de pagamento, terán que acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 12º.-Baixas.

Serán causas de baixa no programa do cheque infantil e na praza asignada no centro partícipe do dito programa algunha das circunstancias seguintes:

1. Non acudir ao centro asignado dentro dos 15 días seguintes á data que figura na resolución para ser efectivo o cheque ou ben non poñerse en contacto co centro nese período.

2. A falta de asistencia continuada ao centro durante 15 días sen causa xustificada.

3. Incumprimento do deber establecido no artigo 11.1º respecto da entrega do cheque infantil ao centro e pagamento, se é o caso, da achega correspondente.

Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, especificamente a:

a) Facilitarlles aos órganos competentes toda a información necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente a que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

b) Destinar o cheque infantil á finalidade para a que se concede.

c) Comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu outorgamento.

Artigo 14º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas, xunto cos xuros de demora devengados segundo o disposto no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global as disponibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade e a dispoñibilidade de prazas nos centros partícipes do programa nas localidades en que se solicitan.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, ao abeiro do establecido no artigo 78.3º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións

previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos e ordenar os correspondentes pagamentos.

Terceira.-Sen prexuízo do disposto no título sexto da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Familia para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO I

Tramo de renda per cápita	Praza sen comedor (custo máximo da praza 120 €)		Praza con comedor (custo máximo da praza 200 €)		Praza en horario de tarde (custo máximo da praza 90 €)	
	Achega mensual que terá que pagar o beneficiario	Contía máxima mensual de axuda por praza	Achega mensual que terá que pagar o beneficiario	Contía máxima mensual de axuda por praza	Achega mensual que terá que pagar o beneficiario	Contía máxima mensual de axuda por praza
De 0 a 140,93 €	0 €	120 €	0 €	200 €	0 €	90 €
De 140,94 a 234,89 €	0 €	120 €	16,50 €	183,50 €	0 €	90 €
De 234,90 a 352,35 €	33 €	87 €	49,50 €	150,50 €	16,50 €	73,50 €
De 352,36 a 469,79 €	66 €	54 €	82,50 €	117,50 €	33 €	57 €
De 469,80 a 704,70 €	99 €	21 €	132 €	68 €	49,50 €	40,50 €
Máis de 704,70 €	110 €	10 €	143 €	57 €	55 €	35 €

Descontos sobre a achega que terá que pagar o beneficiario.

Á achega que terá que pagar o beneficiario aplicaráselle os seguintes descontos segundo as circunstancias da unidade familiar:

Familia numerosa: 20 por cento.

Familia monoparental: 20 por cento.

Asistencia de varios irmáns ao mesmo centro: 20 por cento por cada irmán. No caso de que nacesen en parto múltiple, o desconto será do 30 por cento por cada neno/a.

Nos casos en que proceda aplicarlle ao beneficiario algún dos descontos anteriores, a axuda mensual incrementarase polo importe do desconto.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA PROGRAMA CHEQUE INFANTIL CURSO 2005/2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

CENTRO
SERVIZOS SOLICITADOS <input type="checkbox"/> ASISTENCIA CON COMEDOR <input type="checkbox"/> ASISTENCIA SEN COMEDOR

DATOS DO/A NENO/A

APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO
----------	------	-------------------

DATOS DO SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR LEGAL)

NIF / NIE	APELIDOS	NOME	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SEGURIDADE SOCIAL	TELÉFONO DE CONTACTO 1	TELÉFONO DE CONTACTO 2

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUÍDO O SOLICITANTE)	NIF	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR: _____					SUMA DE INGRESOS ANUAIS

ACTUALIZACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES

<input type="checkbox"/> FAMILIA NUMEROSA <input type="checkbox"/> FAMILIA MONOPARENTAL <input type="checkbox"/> ASISTENCIA DE VARIOS IRMÁNS AO MESMO CENTRO
--

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil en centros de atención á primeira infancia non sostidos con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAIDA / /

ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDAS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA PROGRAMA DE CHEQUE INFANTIL CURSO 2005/2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A NENO/A

APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO
----------	------	-------------------

DATOS DO SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR LEGAL)

NIF / NIE	NOME	APELIDOS	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO	Nº SEGURIDADE SOCIAL	TELÉFONO DE CONTACTO 1	TELÉFONO DE CONTACTO 2

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (INCLUIDO O SOLICITANTE)	NIF	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR: _____					SUMA DE INGRESOS ANUAIS

CENTROS SOLICITADOS POR ORDE DE PREFERENCIA

CÓDIGO DO CENTRO	NOME DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA
1			
2			
3			
4			
5			

SERVIZOS SOLICITADOS

 ASISTENCIA CON COMEDOR
 ASISTENCIA SEN COMEDOR
 HORARIO DE TARDE

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil en centros de atención á primeira infancia non sostidos con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO SOLICITANTE

. de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

I. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- Número de persoas que non forman parte da unidade familiar a cargo desta

- Número de membros da unidade familiar con enfermidade ou minusvalidez

Tipo de enfermidade ou minusvalidez:

	Nai	Pai	Outros membros
• Minusvalidez física, psíquica ou sensorial	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Enfermidade crónica que requira internamento periódico	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Alcoholismo ou drogodependencia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Condición de familia monoparental

- Ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais

- Condición de familia numerosa

- Irmáns beneficiarios do programa que renovan praza para o curso 2005/2006

<u>Nome do/a neno/a</u>	<u>Centro ao que asiste</u>
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Calquera outra grave circunstancia familiar

II. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR (MÁRQUESE CUN X O QUE PROCEDA)

- Situación laboral de ocupación de ambos os dous membros parentais Si Non

No caso de que na epígrafe anterior sinalase a opción "Non" indicar a continuación o que corresponda:

	Nai	Pai
- Situación laboral de desemprego sen prestación económica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Situación laboral de desemprego con prestación económica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

LIBRO DE FAMILIA.

XUSTIFICANTE DE INGRESOS (ÚLTIMA NÓMINA E COPIA DA DECLARACIÓN DO IRPF OU, NO CASO DE NON ESTAR OBRIGADO A DECLARAR CERTIFICACIÓNS EXPEDIDAS POLA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, CERTIFICADO DE PRESTACIÓN ECONÓMICA DO INEM OU CERTIFICADO DE NON PRESTACIÓN. SE É O CASO, CERTIFICACIÓN DE EMPRESA, XUSTIFICACIÓN DOUTROS INGRESOS).

CERTIFICADO DE MINUSVALIDEZ ALEGADA POLOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR, SÓ NO CASO DE QUE NON SEXA EXPEDIDO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

CERTIFICADO MÉDICO NO CASO DE ENFERMIDADES CRÓNICAS OU OUTRAS AFECCIÓNS ALEGADAS POLOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.

INFORME DO EQUIPO DE VALORACIÓN E ORIENTACIÓN DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS OU ÓRGANO COMPETENTE NA MATERIA NA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO OU NAS CORRESPONDENTES COMUNIDADES AUTÓNOMAS, SOBRE A NECESIDADE DE INTEGRACIÓN NO CASO DE NENOS CON DISCAPACIDADES.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE INCIDENCIAS TALES COMO: SEPARACIÓN DO CÓNXUXE, ABANDONO DO FOGAR, ETC.

INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO CORRESPONDENTE, NO SUPOSTO DE QUE SEXA NECESARIO POR FALTA DE ACREDITACIÓN DOCUMENTAL SUFICIENTE OU POR SITUACIÓNS ESPECIAIS NAS QUE VIVA A UNIDADE FAMILIAR.

DECLARACIÓN XURADA DE NON PERCIBIR AXUDAS PARA IGUAL OU ANÁLOGA FINALIDADE OUTORGADAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU, DE SER O CASO, RELACIÓN DAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS.

Poderá exixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de selección.

A omisión, falsidade dos datos ou dos documentos achegados, e a duplicidade de solicitudes no momento da matriculación serán causas da súa anulación.

_____, ____ de _____ de 200__

(sinatura do/a solicitante)